

Adicionalmente, tamén ten acceso ao **Repositorio de contidos educativos**, o cal está aberto a todos os visitantes e non require dunha autenticación previa como no caso do espazo Profesorado.

Para acceder ao Repositorio de contidos educativos tan só ten que seleccionar esta opción na pantalla de inicio:



1

Selecione o espazo de **Repositorio de contidos educativos**

No caso de que se atope no espazo Profesorado, tamén pode acceder ao Repositorio de contidos educativos seguindo os seguintes pasos:

- 1 Prema no botón de **“Inicio”**.
- 2 Unha vez na pantalla principal do espazoAbalar, seleccione o **apartado do Repositorio**.

O repositorio de contidos

Unha vez no **Repositorio de contidos dixitais** ten acceso aos últimos contidos publicados. Tamén pode sinalar a ensinanza, o curso e a materia para ver os recursos educativos dispoñibles en cada nivel educativo.

1

O inicio do Repositorio amosa unha listaxe dos últimos recursos publicados e permite **buscar un contido**, a través de diferentes parámetros (idioma, curso, ensinanza..) **descargalos** ou **visualizalos** directamente dende o espazoAbalar



2

Neste apartado poderá visualizar os recursos máis descargados.

3

Cando accedemos ao recurso que desexamos consultar, dispoñemos da seguinte información: Tipo de recurso, Plataforma, Idioma...



O repositorio de contidos

O **Repositorio de contidos dixitais** tamén ofrece un buscador de recursos dixitais.

1 Para atopar un contido educativo concreto pode empregar o **Buscador**

2 O buscador ofrécelle a posibilidade de **escribir algún termo clave** do recurso que desexa, ou realizar unha **busca avanzada** na que terá que seleccionar diferentes criterios de busca (ensinanza, nivel educativo, tipo de licenza, etc). Para que se proceda á busca tan só ten que pulsar o botón **Buscar**

3 A continuación amosaranse todos os recursos educativos que cumpren o criterio de busca

